



CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ANPA DO CEIP MOSTEIRO-BEMBRIVE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR CORRESPONDENTE AOS MESES QUE ABRANGUEN OS PERÍODOS ESCOLARES DENDE FEBREIRO A OUTUBRO 2020.

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte **D. Gorka Gómez Díaz**, na súa calidade de concelleiro delegado de Educación e Xuventude por Resolución do 18/06/2020 de delegación de competencias da Alcaldía do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, **Dona Montserrat Puime González**, na súa condición de presidenta da Anpa "Bene Vivero" do Ceip Mosteiro-Bembrive (G36774768), e enderezo social en Cr Bembrive-Mosteiro 36214 Vigo no seu nome e representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación deste expediente número 24150-332

E, actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de Secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento de presente convenio e

EXPOÑEN

I.- Que a disponibilidad do transporte escolar é unha demanda expresada pola Asociación de Nais e Pais (Anpa) Bene Vivero do Centro Público de Educación Infantil e Primaria Mosteiro-Bembrive, sendo este un servizo complementario esencial para a citada comunidade escolar, xa que favorece o incremento e consolidación da súa matrícula, e mellora a conciliación da vida familiar e laboral.

II.- Que a prestación do transporte escolar no Ceip Mosteiro-Bembrive, asegura a igualdade de oportunidades facilitando o acceso fundamental a un posto escolar no ensino público regrado do seu alumnado, xa que está considerado como un servizo educativo de carácter complementario que constitúe un importante factor da súa calidade, e igualmente garante non vulnerar o dereito do alumnado e as súas familias a escoller e elexir o citado centro escolar polo seu proxecto educativo.

III.- Que a prestación do servizo de transporte escolar nas máximas condicións de eficacia e seguridade para o alumnado usuario, fai necesaria a implicación de todos os sectores pertencentes á comunidade educativa, e sen dúbida algúnha das familias.





IV.- Que respecto do ámbito competencial, o artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, e artigos 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA) establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o municipio exercerá, en todo caso, competencias establecidas nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

V.- Que o RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, recolle que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de entidades e ser apoiada nos devanditos procesos.

VI.- Que o Concello de Vigo como institución pública máis preto do cidadán comprométese a garantir a participación cidadá dos diversos axentes que conforman a actividade educativa, e non quere ser allea á necesidade e demanda exposta pola Anpa Bene Viveres do Ceip Mosteiro Bembrive, na procura de contribuir a mellorar a calidade do seu ensino público e gratuito.

Unha mobilidade escolar sostible e segura, é unha actividade de utilidade pública de especial relevancia na nosa cidade, e un dereito da comunidade educativa do Ceip Mosteiro-Bembrive, a realizar mediante uns desprazamentos que acontecen en período lectivo que teñen como motivos de interese público e social a finalidade última de escolarización, estudo e formación, do alumnado usuario do transporte escolar do Ceip Mosteiro-Bembrive, e de conformidade co anterior

MANIFESTAN

I.- Que a **A ANPA “BENE VÍVERE” DO CEIP MOSTEIRO-BEMBRIVE**, con fins de interese xeral e sen ánimo de lucro, ten personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, que se rexe pola Lei 1/2002, de 22 de marzo reguladora do dereito de Asociación e o R.D. 1533/1986 do 11 de xullo, polo que se regulan as Asociacións de Pais e Nais de Alumnos, e demais normas aplicables.

A entidade está inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co num. 1975/000238-1ª (PO) e co CIF G36774768.

A ANPA “BENE VÍVERE” DO CEIP MOSTEIRO-BEMBRIVE, dacordo coa documentación achegada en datas 28/01/2020 e 05/02/2020 remitida a través do Rexistro electrónico



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/11/2020 11:34

Páxina 2 de 9

Expediente 24150/332

CSV: 2AE78C-4ED938-AAEA5H-YP4FG1-1A69VF-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



do Concello de Vigo (W413867-148 / W413869-8147 / W415837-4363 e números de doc 200014445 / 200014447 / 200019436), asume conforme ao establecido nos seus estatutos, entre outros, os seguintes fins:

- A) Velar polos dereitos do alumnado do colexio e defender os dereitos das familias sobre aquilo que afecte ao proceso educativo e formativo dos seus fillos/as.
- B) Colaborar na labor educativa do colexio e de xeito especial na organización das actividades complementarias e extraescolares, promovendo e desenvolvendo actividades formativas, deportivas e culturais, coa finalidade de contribuir á mellora da calidade do ensino, e favorecer a integración do Ceip Mosteiro-Bembrive no seu entorno económico, social e cultural.
- C) Orientar e estimular ás familias respecto das obrigas que lles incumben na relación coa educación dos seus fillos/as.
- D) Promover a participación da comunidade escolar no control e xestión do colexio de conformidade co disposto no artigo 27.7 da Constitución.
- E) Defensa dun ensino de calidade, galego centrado no país, que fomente a formación responsábel do alumando nos valores democráticos e na non discriminación por razóns económicas, relixiosas, ideolóxicas, raza ou sexo.
- F) Requirir aos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación, reclamando a atención e axuda que ésta merece.
- G) Contribuir e cooperar cos diversos servizos do colexio para o seu bo funcionamento.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor desas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia que a o artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, e artigos 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA) pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e exercerá, en todo caso, competencias establecidas nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

III.- Que o Concello de Vigo considera que a prestación do transporte escolar promovido pola ANPA “BENE VÍVERE” DO CEIP MOSTEIRO-BEMBRIVE, é unha actividade de utilidade pública de especial relevancia na nosa cidade, e un dereito da comunidade educativa do Ceip Mosteiro-Bembrive, tendo esta mobilidade escolar sostible e segura un interese público e social, a finalidade última de escolarización, estudo e formación, do alumnado usuario do transporte escolar do Ceip Mosteiro-Bembrive

IV.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo do 2020 inclúe crédito na aplicación orzamentaria 326048000001 - “Axudas para transportes escolares”, para conceder directamente, con carácter excepcional, segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 67 do seu regulamento, no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2020, unha sub-





vención directa por razóns de interese público e social, como é en concreto coadxuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión do servizo de transporte escolar do alumnado do Ceip Mosteiro-Bembrive correspondente aos meses que abranguen os periodos escolares dende febreiro ate outubro de 2020.

V.- Que a **ANPA “BENE VÍVERE” DO CEIP MOSTEIRO-BEMBRIVE** non esta incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (LSG), áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas, os interviñentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A **ANPA “BENE VÍVERE” DO CEIP MOSTEIRO-BEMBRIVE** comprométese a:

1º.- Promover e xestionar a prestación do servizo de transporte escolar e presentar a xustificación dos gastos mediante a documentación acreditativa correspondente diante da Concellaría de Educación do Concello de Vigo, para no marco do presente convenio, posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.

2º.- Comunicar ao Concello de Vigo - Concellaría de Educación, as datas, franxas horarias, itinerarios e alumnado usuario do transporte, así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a prestación do mesmo.

3º.- Adoptar as medidas de difusión e colaboración institucional do Concello de Vigo previstas na cláusula sexta.

4º.- Garantir que na realización dos desprazamentos escolares do alumnado do CEIP Mosteiro-Bembrive, a empresa de transporte especializada e competente para a prestación do servizo haberá de cumprir a totalidade dos requisitos establecidos no RD 443/2011, do 27 de abril, sobre as condicións de seguridade no transporte escolar de menores.

5º.- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e en xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





6º.- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Vigo – Concellería de Educación, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio destas funcións.

Segundo.- O CONCELLO DE VIGO, pola súa parte, comprométese a:

Conceder á **ANPA “BENE VÍVERE” DO CEIP MOSTEIRO-BEMBRIVE** unha subvención por importe de 14.900,00.-€ con cargo á partida orzamentaria 326048000001 - “Axudas para transportes escolares ”mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da Intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadjuvar ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión do servizo de transporte escolar correspondente aos meses que abranguen os períodos escolares dende febreiro ate outubro de 2020.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menos que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria SI poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada. A empresa de transporte especializada e competente para a prestación do servizo haberá de cumprir a totalidade dos requisitos establecidos no RD 443/2011, do 27 de abril, sobre as condicións de seguridade no transporte escolar de menores, así como adecuarse á lexislación ou normativas legais estatais, autonómicas ou locais que sobre o transporte escolar puidera aprobarse durante a vixencia da subvención. Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades, son de plena responsabilidade da beneficiaria, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.





Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador .

A ANPA “BENE VÍVERE” DO CEIP MOSTEIRO-BEMBRIVE achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

Séptimo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Oitavo.- A beneficiaria deberá xustificar **no prazo máximo que remata o día 5 de novembro de 2020** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica que se poden consultar no enlace

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos gastos incorridos mediante a aportación da seguinte documentación:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/11/2020 11:34

Páxina 6 de 9

Expediente 24150/332

CSV: 2AE78C-4ED938-AAEA5H-YP4FG1-1A69VF-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- Solicitud de abono da subvención.
- Memoria descriptiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica que deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.
Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarase, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Dos documentos xustificativos relacionados, chegaranse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

Noveno.-Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente de pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.





Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen nos meses que abranguen os periodos escolares dende febreiro ate outubro de 2020.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo Servizo de Educación. O técnico responsable e xefatura do servizo de educación emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 LXS e 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo quinto.- Os datos persoais da solicitante e o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos dacordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na normativa de Protección de Datos de Carácter Personal.



CONCELLO DE VIGO



A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A participación do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención directa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e a entidade ou coas persoas participantes no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Décimo séptimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E , en proba da súa conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.

POLA ANPA DO CEIP
MOSTEIRO-BEMBRIVE
A Presidenta

POLO CONCELLO DE VIGO
O Concelleiro de Educación e Xuventude

Dna. Montserrat Puime González

D. Gorka Gómez Díaz

A Secretaria do Goberno Local,

María Concepción Campos Acuña

Firmado por 36131433C
MONTSERRAT PUIME (R:
G36774768) el día 10/05/2020
con un certificado emitido por
AC Representación

